



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Dereito financeiro e tributario

Materia	Dereito financeiro e tributario			
Código	V08G210V01702			
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos			
Descritores	Creditos ECTS 9	Sinale OB	Curso 4	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Pita Grandal, Ana María			
Profesorado	Aneiros Pereira, Jaime Barreiro Carril, María Cruz Pita Grandal, Ana María			
Correo-e	apita@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>A materia de Dereito financeiro e tributario insértase no cuarto curso do Grao en Relacións Laborais. É unha materia que ten por obxecto o estudo da ordenación xurídica dos ingresos e gastos públicos, das relacións xurídicas que xorden entre a Administración e os particulares, así como dos principais impostos do sistema tributario español.</p> <p>Así, a materia comprende unha primeira parte destinada a un estudio introductorio do Dereito Financeiro, que inclúe o estudio das cuestións esenciais do Dereito Orzamentario, unha segunda parte adicada á Teoría Xeral do tributo, seguida dunha terceira adicada á aplicación do tributo. A última parte ten por obxecto describir o marco xeral do sistema tributario español.</p>			

## Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Aprender autónomamente
B4	Saber adaptarse ás novas situacións
B5	Capacidade de xestionar a información
B6	Capacidade de organización e planificación
B7	Resolver problemas de forma efectiva
B8	Saber tomar decisións
B9	Comunicarse de forma efectiva nas relacións interpersonais
B10	Preocupación pola calidade
B11	Gardar un comportamento ético como cidadán e como profesional.
C1	Coñecer o marco normativo regulador das relacións laborais.
C2	Coñecer o marco normativo regulador da Seguridade Social e da protección social complementaria.
C11	Coñecer o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación.
C19	Capacidade para comprender o significado da regulación xurídica.
C20	Capacidade para coñecer as principais institucións no ámbito do Dereito privado e público
C21	Capacidade de asesorar a organizacións sindicais e empresariais e os seus afiliados.
C22	Capacidade de identificar os suxeitos do Dereito Administrativo e describir os seus rexímenes xurídicos.

C23	Capacidade para intervir, dirixirse e recurrir ante as distintas Administracións Públicas.
C25	Capacidade para comprender as nocións básicas do sistema tributario.
C27	Capacidade para representar e defender no ámbito administrativo e procesal e defensa ante os tribunais.
C40	Ser capaz de aplicar os coñecementos teóricos a práctica.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
O objetivo principal será proporcionar ós alumnos as ferramentas necesarias para coñecer os elementos esenciais dos tributos e os seus procedementos de aplicación. Ademais, o alumnado adquirirá os coñecementos necesarios para identificar o imposto e o tratamento xurídico-tributario de determinados feitos ou actos.	A2	B1	C1
	A4	B2	C2
	A5	B4	C11
		B5	C19
		B6	C20
		B7	C21
		B8	C22
		B9	C23
		B10	C25
		B11	C27
			C40

## Contidos

Tema	
Primeira Parte: Introducción ó estudio do Dereito Financeiro e Tributario	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Concepto e contido</li> <li>2. Fontes do Dereito Financeiro e Tributario</li> <li>3. Poder Financeiro</li> <li>5. Ingresos e Gastos Públicos</li> <li>6. Dereito Orzamentario</li> </ol>
Segunda Parte: Dereito Tributario. Parte xeral	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. O tributo e a obrigaón tributaria</li> <li>2. Concepto e clases de tributo</li> <li>3. Suxeitos Pasivos</li> <li>4. Cuantificación</li> <li>5. Extinción</li> <li>6. Os procedementos de aplicación dos tributos. <ol style="list-style-type: none"> <li>6.1. Principios xerais.</li> <li>6.2. Normas comúns sobre actuacións e procedementos tributarios.</li> <li>6.3 O procedemento de Xestión.</li> <li>6.4 O procedemento de Inspección.</li> </ol> </li> </ol>
Terceira Parte: Impostos directos. Aspectos xerais.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.</li> <li>2. Imposto sobre Sociedades.</li> <li>3. Imposto sobre a Renda dos non Residentes.</li> <li>4. Tributos autonómicos e locais</li> </ol>
Cuarta Parte: Impostos indirectos. Aspectos xerais.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1 Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.</li> <li>2. Imposto sobre o Valor Engadido.</li> <li>3. Impostos Especiais</li> <li>4. Tributos autonómicos e locais</li> </ol>

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminarios	23.5	46.5	70
Sesión maxistral	53	97	150
Probos de resposta longa, de desenvolvemento	2	0	2
Probos de resposta curta	2	0	2
Outras	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Seminarios	Actividades enfocadas ó traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia, e nas que o alumno, ou grupo de alumnos, fai unha exposición oral e/ou presentación escrita dun tema proposto
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxeto de estudio

## Atención personalizada

**Metodoloxías Descrición**

Sesión maxistral	Atenderanse e resolveranse dúbidas do alumno respecto dos contidos, actividades e/ou exercicios que foran propostos para adquirir as competencias perseguidas
Seminarios	Atenderanse e resolveranse dúbidas do alumno respecto dos contidos, actividades e/ou exercicios que foran propostos para adquirir as competencias perseguidas

**Avaliación**

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Sesión maxistral	Tanto nos Seminarios, como nas clases presenciais, tamén se proporá ao alumnado a realización de distintas actividades: casos prácticos, exposición oral dun tema, presentación escrita dun traballo, etc.. Estas actividades só serán avaliadas para os alumnos que opten pola avaliación continua. Ademais, valorarase especialmente a participación activa do alumno, tanto nas clases maxistras, como nos seminarios.	10	A2 A4 A5	B1 B2	
Probos de resposta longa, de desenvolvemento	Proba final que consta de dúas partes: unha escrita na que o alumno terá que resolver un ou varios casos prácticos, e outra oral na que se formularán distintas preguntas sobre o temario da materia.	70	A2 A4 A5	B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11	C1 C2 C11 C19 C20 C21 C22 C23 C25 C27 C40
Probos de resposta curta	Nos Seminarios realizáranse probas de resposta curta e tipo test exclusivamente ós alumnos que se sometan ó sistema de avaliación continua.	20	A2	B1	

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

Outros comentarios e segunda convocatoria

O temario que figura no apartado de contidos constitúe unha versión resumida das leccións que serán obxecto de exame. Oportunamente, a comezo do curso académico, proporcionaráselle ao alumno un temario máis detallado cos epígrafes que conforman cada lección.

Primeira oportunidade de exame:

- Os alumnos que se someten a avaliación continua serán avaliados conforme aos criterios que se indicaron máis arriba: proba final (70%), probas de resposta curta ou test (20%) e outras (10%). Na proba final, o exame de teoría e oral suporá o 80% e o práctico, por escrito, suporá un 20%. En todo caso, o alumno deberá alcanzar unha cualificación mínima de 4 sobre 10 na proba final para que se lle teñan en conta as cualificacións obtidas mediante o sistema de avaliación continua.
- Os alumnos que NON se someten a avaliación continua, ou que queden excluídos do devandito sistema: a súa cualificación estará integrada polo 80% da cualificación obtida no exame teórico oral e o 20% da cualificación obtida no exame práctico escrito, tratándose de probas diferentes ás que realicen os alumnos de avaliación continua.

Segunda oportunidade de exame:

- No exame de xullo só se realizará unha proba final, que constará de dous partes: unha práctica escrita (na que se resolverán un ou varios casos prácticos) e unha teórica oral (na que se formularán distintas preguntas sobre o temario da materia).
- Os alumnos que se someteron ao sistema de avaliación continua conservarán a nota que obtivesen no curso.
- Para os alumnos que non se someten a avaliación continua, ou que queden excluídos do devandito sistema: a súa cualificación estará integrada polo 80% da cualificación obtida no exame teórico oral e o 20% da cualificación obtida no exame práctico escrito, tratándose de probas diferentes ás que realicen os alumnos de avaliación continua.
- Aos alumnos que se someteron ao sistema de avaliación continua e non superasen a proba final nin na primeira oportunidade de exame nin na segunda conserváraselles a nota obtida a través de devandito sistema durante o curso académico seguinte, sempre que o alumno manifeste o seu acordo.

## CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA

O exame da convocatoria de Fin de carreira será unha proba teórico-práctica escrita, cuxa cualificación será o 100% da nota.

A cualificación estará integrada polo 80% da cualificación obtida no exame teórico e o 20% da cualificación obtida no exame práctico. Non se terá en conta en ningún caso a avaliación continua do ano anterior.

## DATAS DE EXAME CURSO 2014/2015

- Convocatoria de fin de carreira: Día 13 de outubro ás 9 horas.
- Convocatoria do primer período: Día 16 de decembro ás 10 horas.
- Convocatoria de xullo: Día 3 de xullo ás 10 horas.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

Ferreiro Lapatza, J.J., **Instituciones de Derecho Financiero, Primera y Segunda Parte**, Marcial Pons,  
Ferreiro Lapatza, J.J. y otros, **Curso de Derecho Tributario**, Marcial Pons,

Bibliografía complementaria: Pérez Royo, Fernando, Derecho financiero y tributario. Parte General, Civitas, 2014. Martín Queralt, Lozano Serrano, Tejerizo López, Casado Ollero, Curso de Derecho financiero y tributario, Tecnos, Madrid, 2014. Pita Grandal, A.Mª. (Coordinadora), Textos y casos prácticos de Derecho Financiero y Tributario, Segunda edición, Tórculo Edicións, Santiago de Compostela, 2001. Bayona de Perogordo, Juan José y Soler Roch, María Teresa, Materiales de Derecho Financiero, Librería Compás, Alicante, 2007 o posterior. Calvo Ortega, Manuel, Curso de Derecho Financiero. I Derecho tributario (Parte General), 8ª edición, Civitas, Madrid, 2004 o posterior. Pita Grandal, A.M.: La prueba en el procedimiento de gestión tributaria, Marcial Pons, Madrid-Barcelona, 1998. Fernández López, R.I.: La comprobación de hechos por la Inspección de los tributos, Marcial Pons, Madrid-Barcelona, 1998. Ruiz Hidalgo, C.: La responsabilidad tributaria en el alzamiento de bienes, Marcial Pons, Madrid-Barcelona, 2009. Muleiro Parada, L.: La determinación objetiva : IRPF e IVA, Marcial Pons, Madrid-Barcelona, 2009. Siota Álvarez, M.: Analogía e interpretación de Derecho tributario, Marcial Pons, Madrid-Barcelona, 2010. Martín Queralt, Tejerizo López, Cayón Galiardo (directores): Manual de Derecho Tributario, Thompson Aranzadi, Cizur Menor, 2014. Medina Cepero, J.R.: Curso práctico de Derecho tributario. Supuestos prácticos de Derecho Tributario, Dilex, Madrid, 2006. Para a realización dos seminarios proporcionarase bibliografía específica. Lexislación Utilizarase un compendio de textos legais da parte xeral do Dereito Financeiro e Tributario, que poderá ser de calquera das editoriais xurídicas coñecidas (Thomson-Aranzadi, Tecnos, La Ley, Civitas, Lex Nova, Comares, McGraw-Hill, etc.), sempre que sexan edicións actualizadas a setembro de 2014.

---

### **Recomendacións**